



Teaching Guide

Identifying Data					2015/16
Subject (*)	Sistemas migratorios comparados	Code	615472202		
Study programme	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	1st four-month period	First	Obligatoria	2	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Socioloxía e Ciencia Política da Administración				
Coordinador	Cobo Bedía, Rosa	E-mail	rosa.cobo@udc.es		
Lecturers	Chao Pérez, Luca Cobo Bedía, Rosa	E-mail	luca.chao@udc.es rosa.cobo@udc.es		
Web	esomi.es				
General description	Esta materia intenta analizar os distintos sistemas migratorios existentes no mundo desde unha perspectiva comparada. Parte dun enfoque global sobre as migracións enmarcando a mesma no debate sobre as teorías migratorias internacionais, e chega a analizar a situación de España e Galicia nese proceso global de mobilidade como parte do proceso de globalización.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C3	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results
Coñecementos sobre as características definitorias do sistema migratorio europeo no contexto da OCDE.	CC1 CC3 CC5
Capacidade de análise da evolución da inmigración en España: a intensidade, composición e as tendencias futuras.	CC5
Coñecementos sobre a situación da inmigración en Galicia: evolución, mercado laboral e integración dos extranxeiros en Galicia.	CC1
Ser capaces de analizar as principais fontes estadísticas e datos primarios sobre a situación da inmigración nos distintos territorios.	CC3

Contents

Topic	Sub-topic



Tema 1: O sistema migratorio español no contexto da OCDE.	<p>Tema 1.1. Características do sistema migratorio español no contexto da OCDE´.</p> <p>Tema 1.2. A inmigración en España: de país de emigración a país de inmigración (1985-2011)</p> <p>Tema 1.3. O impacto demográfico da inmigración en España</p> <p>Tema 1.4. A integración da inmigración na sociedade española.</p>
Tema 2: A inmigración en Galicia no contexto global e estatal.	<p>Tema 2.1. As especificidades da inmigración residente en Galicia: evolución do fluxo, stock e tendencias migratorias.</p> <p>Tema 2.2. Análise estadístico de fluxos e stock aplicados ao ámbito local: a planificación de intervencións sociais con apoio de fontes secundarias.</p>

Planning

Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	C1 C3 C5	20	10	30
Long answer / essay questions	C1 C3 C5	0	18	18
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>As sesións maxistras fan referencia ás explicacións realizadas na aula polos profesores responsables da materia: Antonio Izquierdo Escribano e Belén Fernández Suárez. Impartiranse os contidos sinalados no programa e resolveranse dúbidas e preguntas sobre esta materia. Considérase pertinente a lectura dos textos obrigatorios recomendados para unha mellor comprensión da materia. Ocasionalmente, pode convidarse a investigadores de fóra da UDC a impartir conferencias e seminarios relacionados coa materia en cuestión.</p> <p>Os materias expostos durante as clases maxistras serán colgados no Campus Virtual para un acceso rápido a estes contidos por parte do alumnado, e para garantir esta información no caso de non poder asistir ás aulas presenciais.</p>
Long answer / essay questions	<p>A proba de ensaio é un tipo de metodoloxía que permite ao alumnado realizar unha reflexión profunda sobre as diversas temáticas explicadas na aula. O alumno ou alumna deberá presentar un ensaio de 10 páxinas no cal a revisión de bibliografía é un requisito indispensable. Os ensaios poden ser realizados de forma individual ou grupal, dependendo do acordo entre os profesores implicados, ao igual que pode escollerse a temática de maneira libre ou ser escollida polo docentes responsables da mesma.</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>O profesorado responsable desta materia dará atención personalizada de forma presencial e virtual, é dicir, no horario de titorías oficialmente establecido e contestando dúbidas concretas a través do correo electrónico. Neste sentido, tentarase apoiar no avance de coñecementos aos matriculados nesta asignatura e solventar dúbidas, á par que complementar contidos realacionados coa mesma.</p>
Long answer / essay questions	

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
---------------	------------------------	-------------	---------------



Guest lecture / keynote speech	C1 C3 C5	A asistencia regular ás clases maxistras é un requisito común de todo o Máster Oficial de Migracións Internacionais, que tamén ten vixencia nesta materia. As clases teñen un enfoque participativo e fomentan o debate ao longo das mesmas. Considérase necesario unha presenza regular na aula para superar e adquirir os coñecementos impartidos durante a mesma.	10
Long answer / essay questions	C1 C3 C5	<p>A avaliación desta materia estará condicionada nun 90% da nota global á entrega dun traballo por cada unha das partes explicadas na materia.</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración en Galicia é preciso a realización dun traballo individual que consistirá en cubrir unha ficha cunha serie de indicadores demográficos sobre a situación da poboación estranxeira nun municipio galego (a concretar coa profesora) e a análise demográfica de estos indicadores xunto dunha primeira valoración de esta situación (posibles liñas de intervención e programas a deseñar).</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración na OCDE solicitarase ao alumnado un traballo de ensaio ou de comentario de fontes de datos estatísticos, que vincule leituras e comentarios de datos.</p> <p>Cada un dos traballos representará o 50% da nota final, é dicir, a suma de ambos supón un 100% da nota final da materia.</p> <p>Sen embargo, queremos deixar constancia que a avaliación final será acordada e definida polo profesorado responsable buscando a mellor alternativa en cada caso. Será comunicada ao alumnado durante as sesións maxistras e acordada co mesmo. Tamén se prantexará un prazo de entrega razoable do traballo de avaliación.</p> <p>No caso de non poder acceder ou de non superar a avaliación a través da proba de ensaio, o alumnado ten dereito a realizar un exame da convocatoria oficial, de carácter presencial.</p>	90

Assessment comments

O alumnado a distancia terá a mesma opción de avaliación que os alumnos asistentes mediante a proba de ensaio. En caso de non ter superada a materia, faría un exame oral de modo virtual, de xeito tal que permita a axeitada identificación do alumno; por exemplo: exame oral por video conferencia.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aldrey, J.A., González Pérez, J. E Santos Solla, J.M. (2008). A inmigración estranxeira en Galicia. Identificación de comportamentos sociais e decisión territoriais a partir da opinión dos diferentes colectivos de inmigrantes. . Santiago de Compostela: SXE, Xunta de Galicia - Boutang, M. y Papademetriou, D. (1994). Typology, evolution and performance of the main migratory systems. OCDE: París - González Pérez, J.M. (2008). Inmigración estranxeira e territorio en Galicia. A construción dun país social e culturalmente diverso. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Emigración, Xunta de Galicia - Izquierdo Escribano, A. (2006). Demografía de los extranjeros. Incidencia en el crecimiento de la población. Bilbao: Editorial Fundación BBVA - Izquierdo Escribano, A. y León, S. (2008). La inmigración hacia dentro: argumentos sobre la necesidad de coordinación de las políticas de inmigración en un estado multinivel. Madrid: UCM (Revista Política y Sociedad, vol. 45, nº. 1) - Oso Casas, L.; Villares Varela, M. Golías Pérez, M. (2008). Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional. UCM: Madrid (Revista Política y Sociedad, Vol. 45, nº. 1) - OCDE (2008). A Profile of Immigrant Populations in the 21st Century Data from OECD Countries. OCDE: París - Simon, G. (1995). Géodynamique des migrations internationales dans le monde. Paris, Presses Universitaires de France - Fernández Suárez, B. (2010). Políticas migratorias comparadas en el Sur de Europa: lecciones cruzadas entre España y Portugal. Madrid: Fundación Alternativas
<p>Complementary</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Izquierdo Escribano, A. (2003). Inmigración, mercado de trabajo y protección social. Madrid: Editorial Consejo Económico y Social - Cid Fernández, X. M.; Domínguez Alberte, X.C.; Soutelo Vázquez, R. (2008). Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Domingo, A; y Recaño, J. (2006). Perfil demográfico de la población extranjera en España. Barcelona: Fundación CIDOB (Libro de Aja y Arango: La inmigración en España 2006. Anuario de inmigra - Izquierdo Escribano, A., López de Lera, D., Martínez Buján, R. (2003). The favourites of the Twenty-First Century: Latin American Immigration in Spain. Roma: The Centre for Migration Studies (CSER). Revista Studi Emigrazione, nº 149. - Izquierdo Escribano, A. (2002). La población extranjera en Galicia. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións (Libro Pérez Vilariño: Las encrucijadas del camb - Izquierdo Escribano, A. (1996). La inmigración inesperada. La población extranjera en España (1991-1995). Madrid: Editorial Trotta - Kritz, M.M., Lim, L.L., Zlotnik, H. (1994). International Migration Systems: A Global Approach. USA: Oxford University Press - OCDE (2009). International Migration Outlook - Edition 2009. OECD: Paris - Pérez Caramés, A. (2004). Los residentes latinoamericanos en España: de la presencia diluida a la mayoritaria. México DF: UNAM (Revista Papeles de Población, nº. 41) - Solé, C.; Izquierdo Escribano, A.; Alarcón Alarcón, A. (2005). Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía. Barcelona: Antrophos

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Teoría das migracións internacionais/615472110

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Historia dos grandes movementos migratorios desde o s. XIX e transicións demográficas/615472103

Comunidades migrantes galegas en América e Europa/615472106

Técnicas de investigación aplicadas e fontes documentais para o estudo das migracións/615472109

Estrutura social, mercado de traballo e migración internacional/615472203



Subjects that continue the syllabus

Políticas de control de fluxos e de admisión da poboación estranxeira/615472204

Políticas de integración social da inmigración/615472205
--

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.
--